

MEMORIA EXPLICATIVA E DECLARACIÓN DE NON CONCORRENCIA

(artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA REALIZAR INTERVENCIÓN TERAPÉUTICA CON VÍTIMAS DE ABUSO SEXUAL INFANTIL NOS MESES DE XANEIRO A MARZO DE 2023.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto formalizar coa Fundación Meniños o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ao 31 de marzo de 2023, se ben se poderán subvencionar actuacións desde o 1 de xaneiro de 2023.

O Estatuto de Autonomía de Galicia no artigo 27.23 atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 124/2022, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e a tutela dos/das menores en situación de risco ou desamparo.

A Fundación Meniños é unha entidade de natureza fundacional inscrita no Rexistro de Fundacións de Competencia Estatal baixo o número 2395ND, exercendo o Ministerio de Cultura e Deporte o Protectorado sobre ela.

Atópase inscrita co número E1547 no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais

O obxecto desta Fundación é a protección da infancia de acordo co previsto na lexislación estatal e naquelas autonómicas que correspondan e aos principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno e demais normas aplicables, procurando e defendendo unha vida socio-familiar digna para a infancia, especialmente para os menores máis desfavorecidos a raíz de inxustizas estruturais e persoais.

Desde o ano 2018 a Fundación Meniños puxo en marcha actividades de intervención terapéutica, únicas en Galicia, dirixidas a mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, a familiares ou persoas do entorno destas, así como aos equipos profesionais da rede que traballan con mulleres vítimas de violencia de xénero. Desde xaneiro de 2019 está en disposición de prestar atención a nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual infantil nas catro provincias.

O convenio de colaboración ten por obxecto contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento durante os meses de xaneiro a marzo de 2023, por



parte da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, das actuacións que a Fundación Meniños desenvolve en materia de atención terapéutica a vítimas de abuso sexual infantil.

O obxectivo do convenio consiste en reparar o dano producido na vítima e no seu entorno, ao proporcionar as estratexias e habilidades psicolóxicas para afrontar as consecuencias do abuso sufrido relativas a regulación emocional, condutual, manexo cognitivo e abordaxe das reminiscencias do trauma.

Para cumprir este obxectivo as accións que se levarán a cabo son as seguintes:

- elaboración de narrativas adecuadas do trauma que substitúa ás narrativas de vitimización e culpabilización como eixe central, que permita integrar a vivencia do abuso na súa vida, e entender as dificultades de regulación emocional e condutual, promovendo a integridade da identidade e o benestar bio-psico-social do NNA abusado
- psicoeducación sobre o trauma e os seus efectos na tripla dimensión mental, emocional e comportamental do ser humano, para axudar a recoñecer e entender a sintomatoloxía e abordar a recuperación.

A actividade da Fundación Meniños neste eido ten como persoas destinatarias ás seguintes:

- Nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual infantil que mostran desaxustes emocionais e/ou de conduta como consecuencia do abuso sexual infantil. Prevese a atención de aproximadamente 90 casos.
- Familiares non agresores e ás principais persoas responsables do coidado dos nenos e das nenas xa que compren un papel imprescindible na recuperación.
- Profesionais que traballan na contorna de nenos e nenas abusados/as.

A finalidade deste convenio é, como se desprende do seu contido, a concesión directa dunha axuda ou subvención á Fundación MENIÑOS ao abeiro do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007. O artigo 19.4 c) da dita Lei 9/2007, establece que poderán concederse, con carácter excepcional e de forma directa, entre outras, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, concorrendo as expresadas circunstancias no presente convenio.

Este convenio dá cumprimento ao que a referida normativa establece como requisito que ha de concorrer para o outorgamento da subvención, por canto a entrega se realiza sen contraprestación directa da persoa beneficiaria.

Tendo en conta que a entidade conveniente conta con recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento das actuacións, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo



destes anos de colaboración, pódese afirmar que non se atopa na nosa Comunidade Autónoma outra entidade que poida igualar estes aspectos.

Consideráselle polo tanto idónea para a execución das ditas actuacións pola súa experiencia no ámbito da atención aos/ás nenos, nenas e adolescentes a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de actuacións que favorecen o desenvolvemento integral dos/as menores acollidos/as ao sistema de protección.

O convenio de colaboración como fórmula negocial é a solución máis apropiada para articular as relacións de ambas as dúas partes na procura do interese público.

Para o cumprimento da finalidade prevista no convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará á Fundación Meniños 36.188,28 €, que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, na que existe crédito axeitado e suficiente para a súa execución.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Todo o que antecede xustifica a dificultade de promover a convocatoria pública para a execución das actuacións subvencionables, o que se declara para os efectos da subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Meniños.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

(Asinado dixitalmente)

